



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONSORCIOS

#### CONSORCIO AS MARIÑAS

*Acordo do Pleno polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas*

**Acordo do Pleno do Consorcio As Mariñas polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas pola realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos**

Logo de instruír polos servizos competentes desta Entidade expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas pola realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos que se detalla a continuación, o Pleno desta Entidade, en sesión extraordinaria celebrada o día 30.10.23, acordou a aprobación provisional da referida modificación da ordenanza fiscal.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias do Consorcio para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición de calquera persoa interesada na sede electrónica desta entidade <https://sede.consorcioam.org/sxc/gl/>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Bergondo, 30 de outubro de 2023

O Presidente do Consorcio

José Antonio Santiso Miramontes

2023/8653